

Tecnoloxía para o estudo dos fondos mariños

Investigadores alemáns e vigueses deseñan de forma conxunta unha innovadora tecnoloxía para estudar os fondos mariños dentro da *Campaña Oceanográfica Pergamon*. Durante 16 días, once investigadores das universidades de Bremen e Vigo, van analizar polo miúdo os fondos mariños dun dos ecosistemas costeiros de maior produtividade biolóxica e elevada importancia económica.

A campaña, que hoxe parte do Porto de Vigo, realizarase a bordo do buque oceanográfico *Poseidon* da Universidade de Bremen, e nela vaise ultimar un novo equipo deseñado en colaboración polos investigadores alemás, coordinados polo profesor Tilo Vo Dobeneck, e os membros do grupo vigués [Geoma, Xeoloxía Mariña e Ambiental](#), baixo a dirección do profesor Federico Vilas Martín, xestor do Plan Nacional de Ciencias da Terra do Ministerio de Ciencia e Innovación.



- [Mais información no DUVI.](#)